

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 18/08/1978

Colección:

Data: 18/08/1978

De:

Domingo García-Sabell;

Para:

Luís Seoane;

Orixes:

Madrid (local), Madrid (provincial), Madrid (de comunidade autónoma)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa:]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Emigración; Migracións; Mural de Seoane no Teatro Municipal;

Mencionados:

Maruxa Seoane; Elena Tormo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Domingo García-Sabell, a Luís Seoane do 18/08/1978

Cortes/El Senador

18-VIII-1978

Querido Luis:

Xa eiquí estamos. O viaxe, excelente. Elena sigue defendéndose ben. Todo, pois, en orde. Xurden dentro de mín as primeiras lembranzas. (As primeiras sempre son as definitivas). E vexo a Bós Aires como un balbordo de conversas, conferencias, declaracións á prensa, poucas horas de sono e moitas de actividade frenética.

De sutaque, entremedias de todo isto, aparecen os teus cadros. Unhas cores rutilantes, outras matizadas, os perfíles que cantan con voz propia, as liñas que vibran con pulo específico. Vexo os teus cadros. E como asomando por riba deles, a tua faciana sorridente e unha miga melancólica. Vexo o contrapunto do río, alá lonxe, dende a fiestra do teu fogar. Un río tornadizo, tan pronto mar, tan pronto vieiro. Un río humanizado, individualizado, diante do que desfila o ballet das chimeneas porteñas.

Algo dentro de mín se conmove dende o intre inicial do noso encontro. Algo que, agora, sería moi arduo concretar. ¿A ledicia da amizade sempre anovada e sempre a mesma? ¿O aconchego sereno e doce dos agarimos de Maruxa? ¿As pinturas que dende as paredes ollaban para nós como chiscándonos o ollo nún xesto de confianza –eles e eu, vellos conocidos– e de complicidade –eles e eu, no segredo derradeiro da tua arte–? Nono sei. Nós os galegos somos uns seres ben estranos. Camiñamos pola vida cangados con pesadumes morales, con preocupacións, con inquiredanzas, con acedas tristuras. Pro, un día, ao dobrar un recanto calisquer, fitamos para un lenzo fuxidíamente. Ou escoitamos unha música apenas audibel. Ou chega deica nós o presentimento dunha aperta amiga –e velahí, xa ficamos ledos, xa nos reconciliamos co mundo, xa formamos unidade con nós mesmos. Xa estamos en posesión de nós mesmos. ¿Comprendes? Reaparece na miña memoria o teu mural do Teatro San Martín. A grandeira fermosura dese mural. A armonía, a elegante proporción, o lábil equilibrio, a audacia formal do conxunto, a decisión cromática. Todo. E entón –entón é agora mesmo– agroma dentro de mín un raro orgullo. O orgullo da participación. Como si eu tamén fora, por modo misterioso, o autor da obra. Como si eu, polo que teño de sensibilidade galega, axudase dalgún xeito á creación da obra. De novo, ¿comprendes?

Gracias, pois, Luis, por todo. Polo teu traballo. Pola tua hospitalidade. Pola tua fraternidade. Polo teu fogar. Polo teu fervor. Polo teu constante soerguermento da nosa terra. Do soerguemento que ha quedar porque é o único digno de perpetuarse, de resistir a proba do tempo. Porque é creación galega auténtica.

Dende ista beira, unha aperta. Unha aperta que desexo alumee un chisco, soio un chisco, a sagra luz do teu obradoiro.

Domingo

[Escrito a man]
Unha aperta para Maruxa e para ti

Elena

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.